

A INSISTENCIA SINDICAL CONSEGUE AUMENTAR O SMI ATA OS 1.080 EUROS

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores acorda, xunto ao Goberno e CCOO, o aumento do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) ata os 1.080 euros ao mes para 2023 (un 8% máis), un incremento imprescindible para xerar máis emprego, consumo e paliar a perda de poder adquisitivo da clase traballadora durante o último ano.

Un SMI que aumenta ata a parte máis alta do tramo suxerido pola Comisión de Expertos do Goberno, que ía do 4,6% ao 8,2%, e que se adopta sen o consenso de CEOE, algo que para o sindicato é triste, non razoable e supón un mal precedente dada a importancia que tivo o Diálogo Social tripartito nos últimos anos para mellorar a vida das persoas.

Para UGT, era unha necesidade imperiosa aumentar o salario mí-

nimo, tanto para as persoas traballadoras en xeral, que vían mes a mes como se reducía o seu poder adquisitivo co aumento do nivel dos prezos, como para os colectivos máis vulnerables do noso país, como os mozos ou un millón e medio de mulleres, que verán reducidas as diferenzas salariais respecto aos homes no mercado de traballo.

Desta forma, o incremento do SMI, que mellorará a vida do 14,5% do total de persoas asalariadas, era fundamental non só en termos económicos, senón tamén de suficiencia e de garantía social. Demostrouse en anos anteriores que non soamente non destrúe emprego, senón que crea emprego en función dunha mellor repartición da riqueza e unha maior capacidade de gasto das clases máis populares.

Ademais, con esta subida, o noso país aproxímase aos incrementos doutros países da nosa contorna, como Alemaña, Bélxica ou Francia, seguindo desta maneira a senda de cumprimento da Carta Social Europea ratificada polo noso país. Unha senda que o sindicato considera imprescindible manter nos próximos anos para achegarnos a Europa.

Para UGT, é o momento de subir os salarios e non deixar a ninguén atrás. O aumento dos prezos durante o último ano xerou unha riqueza nas empresas que non foi trasladada aos petos das persoas traballadoras. Con este incremento, os empregados e empregadas deste país poderán manter a súa calidade de vida e continuar proxectando un Estado de Benestar digno e acorde á realidade do noso país e da contorna europea.

CONTINÚA A SENDA DE ESTABILIDADE ABERTA TRAS A ENTRADA EN VIGOR DA REFORMA LABORAL, OS CONTRATOS INDEFINIDOS ACADAN O 35,3%

OS BAIXOS SALARIOS LASTRAN A ECONOMÍA E O EMPREGO

Urxe mellorar as políticas de emprego para as 145.048 persoas en paro

Redacción.- Os datos de paro publicados este xoves polo Servizo Público de Emprego (SEPE) mostran un aumento de 2.826 persoas desempregadas neste mes, como é habitual nos meses de xaneiro ao coincidir co fin da campaña de Nadal. Aínda así, o total de parados rexistrados sitúase no nivel máis baixo de desemprego nun mes de xaneiro da serie histórica dende 1996, cun total de 145.048 persoas.

Con respecto á calidade do emprego, o primeiro mes de 2023 continúa a senda de estabilidade aberta tras a entrada en vigor da Reforma Laboral, lanzando unha proporción de contratos indefinidos do 35,3%, moi superior á tradicionalmente rexistrada neste mes. En conxunto, rexistráronse un total de 50.956 contratos, 19.986 menos que o mesmo mes do ano anterior; un dato que é coherente co maior número de contratos indefinidos e o fin da encadenación ilimitada de



contratos temporais.

Cabe destacar tamén que a subida do SMI a 1080 aprobada este pasado martes, permitirá a millóns de persoas asalariadas paliar gran parte da perda adquisitiva acumulada durante o ano 2022, axudando a reducir a desigualdade salarial e os altos niveis de pobreza que aínda persisten hoxe en día no noso país.

Con todo, a pesar destes avances, UGT

alerta que aínda persisten problemas que hai que tratar, como o paro de longa duración, para o que é necesario reformar as Políticas Activas de Emprego para que realmente melloren as oportunidades de atopar un emprego para todas as persoas que levan máis dun ano en situación de desemprego. Para iso, con todo, é necesario que a nova Lei de Emprego provea aos Servizos Públicos de Emprego dos medios e recursos necesarios para desenvolver o seu labor de maneira efectiva.

Paralelamente, hai que mellorar a cobertura do sistema de prestacións por desemprego: no mes de decembro, tan só beneficiáronse 88.742 persoas dunha prestación, de maneira que a taxa de cobertura situouse no 68%. A cobertura por desemprego amosa as dificultades que están a pasar as persoas no paro, xa que maioritariamente perciben subsidios, 41.302 a Renda Activa de Inserción, 4.747 importes asistenciais e tan só 42.693 prestacións contributivas, o 48%.

En definitiva, tras un ano de Reforma Laboral, é posible constatar as virtudes que a nova norma trouxo para a mellora das condicións laborais da clase traballadora, a pesar do difícil contexto económico. UGT presentou este pasado mes de xaneiro un informe onde se facía evidente o éxito desta reforma, moi positiva para o mercado de traballo e para as empresas e persoas traballadoras deste país. Unha reforma que permitiu a diminución da precariedade laboral, axudando á estabilización da negociación colectiva, igualando as relacións laborais.

Datos desemprego Galicia

Entrando polo miúdo na análise concreta dos datos, estes indican que o desemprego sube en Galicia en 2.826 persoas, un 2%, en relación ao mes de decembro, quedando a cifra total en 145.048 persoas en situación de desemprego. En relación a hai un ano, o paro baixa nun 5,8%.

Entre os máis mozos, o desemprego aumenta nun 2,5% pero cae nun 5,7% no ano. Así, hai en Galicia 5.671 mozos e mozas en situación de desemprego.

Por sexos, entre os homes o paro medra nun 1% e crece un 2,7% entre as mulleres. No ano, baixa en ambos casos, un 7,4% entre os homes e un 4,6% entre as mulleres. Non obstante, en termos estruturais, as mulleres representan o 58,3% do total do desemprego.

Por sectores, o paro diminúe no mes no primario, 0,2%, o 0,4% na industria, o 1,2% na construción e o 0,8% no colectivo de sen emprego anterior. Pola contra, medra en servizos, o 3,1%. No ano o desemprego cae en

todos os sectores, salvo entre o colectivo de sen emprego anterior, onde sube o 0,3%. Así, baixa un 16,1% no primario; un 9,7% na industria; un 10,1% na construción; e un 4,8% nos servizos.

En canto ao factor territorial, a evolución no mes foi similar en todas as provincias. Subiu o desemprego na Coruña, 2,1%; en Ourense nun 1,7%; en Lugo, nun 1,3%; e o 2,1% en Pontevedra. No ano a baixada do desemprego foi do 6,8% en Lugo; do 6,2% en Pontevedra; do 5,8% na Coruña; e do 3,6% en Ourense.

A contratación indefinida arroxa un excelente dato, cunha porcentaxe histórica para o mes de xaneiro, do 35,3%. En Galicia realizáronse 50.956 contratos, menos que no ano anterior pero de máis calidade. Sectorialmente, as porcentaxes de contratación indefinida foron do 75,44% na construción; do 64,36% no primario; do 34,29% no sector servizos; e do 23,10% na industria. As cifras de afiliación á Seguridade Social sitúanse en 1.030.738, caendo nun 1,1% no mes e medrando un 0,9% no ano.

FOLGA OS DÍAS 7, 14 E 28 NOS SERVIZOS DO GUINDASTRE E DA ORA NA CORUÑA

Redacción.- FeSMC-UGT-Coruña informa que o pasado verne foi convocada folga para os traballadores e traballadoras dos servizos da ORA e do guindastre da Coruña os días 7, 14 e 28 de febreiro.

Despois de varias xornadas de mobilizacións, con concentracións fronte á sede de Setex Aparki na Coruña, e, ante o mutismo da empresa, os traballadores e traballadoras decidiron dar un paso máis nas súas demandas.

Levan case un ano de negociacións e a día de hoxe as conversacións coa patroal están rotas, o que leva a adoptar a decisión de convocar folga.

Os traballadores e traballadoras de ambos servizos municipais, que están en réxime de concesión, insisten en que o único que demandan é un acordo digno que lles permita mellorar o seu poder adquisitivo, xa que nos últimos dez anos a suba total non superou o 3%. A última proposta da empresa é claramente insuficiente.

Tamén aclaran que as ameazas da empresa non van amedrentar aos traballadores e traballadoras nas súas demandas.



Os traballadores e traballadoras do Aero Club de Vigo mobilízanse por un convenio digno

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do Real Aero Club de Vigo decidiron iniciar un calendario de mobilizacións, con paros parciais os luns e venres entre as 13.30 e as 14.30 horas, para demandar á empresa a negociación dun convenio colectivo, paralizado dende o ano 2019, coa conseguinte perda de poder adquisitivo que isto supón.

Os traballadores e traballadoras, se a empresa continúa na súa cerrazón, non descartan outro tipo de medidas.



FICA ESIXE O PAGO ÁS PERSOAS DESPEDIDAS DA FÁBRICA DE ALUMINIOS DA CORUÑA

Redacción.- As persoas traballadoras afiliadas a UGT, que foron despedidas pola administración concursal de Alú Ibérica Coruña, esixen a Alcoa e á administración concursal que cumpran de xeito inmediato o Acordo transaccional global que asinaron cos traballadores da planta da Grela e procedan así ao pago do pactado, incluídos os salarios adeudados.

No último xuízo, celebrado hai unha semana na Coruña, tanto Alcoa como as administracións concursais recoñecen a firmeza do auto de homologación do Tri-

bunal Supremo do Acordo transaccional, a última fase para proceder ao pago do acordado.

No xuízo Alcoa e as administracións concursais esgrimen o argumento de que o Acordo está baseado en indemnizacións por despedimento. Algo que sorprende porque durante a oferta que Alcoa fixo ás persoas traballadoras sempre negou este feito, alegando que xa non era a empregadora e, polo tanto, o concepto económico tiña que ser outro.

Unha vez máis, saen á luz as con-

tradições de Alcoa en todo este proceso de desmantelamento industrial e UGT FICA Coruña xa comeza a dúbida que teña algunha intención real de cumprir co compromiso adquirido cos traballadores.

O Sindicato entende que, se dan por firme o auto do Tribunal Supremo de homologación do Acordo, segundo recoñeceron no xulgado do social, agora teñen 14 días para pagar o comprometido, todo o contrario é un incumprimento por parte de Alcoa e UGT non dubidará en adoptar as medidas oportunas.

FEPMC DEMANDA QUE SE ABRA XA A NEGOCIACIÓN DO CONVENIO DE OFICINAS E DESPACHOS DE PONTEVEDRA

Os traballadores e traballadoras do sector soportan un convenio que non se actualiza desde o 2012

Redacción.- FePMC UGT Pontevedra insta ás partes implicadas na mesa negociadora do convenio de oficinas e despachos da provincia de Pontevedra a abrir xa a negociación dun novo que actualice as condicións laborais que están paralizadas desde o ano 2012. Con este fin, UGT xa remitiu o pasado 25 de novembro a CCOO, CIG e á Confederación provincial de Empresarios de Pontevedra un escrito onde se expoñía esta situación.

Este convenio atópase parado desde o 2012 debido a que a parte empresarial quere minguar aínda máis as escasas condicións laborais do sector, como pode

ser eliminar o plus de antigüidade. Desde UGT entendemos que é unha posición irresponsable pola súa banda, xa que nos atopamos cun convenio totalmente desactualizado en canto a lexislación vixente, como aspectos de saúde laboral ou igualdade, e en todo o relativo ás táboas salariais, como o IPC que non se ve reflectido nestas.

Por iso, desde UGT aínda que non temos maioría na mesa negociadora, vé-



monos obrigados a esixir que esta situación mude e dar así apoio a todas estas persoas traballadoras que se ven en desvantaxe coa actual situación laboral e económica.

UGT SERVIZOS PÚBLICOS SEGUE NA NEGOCIACIÓN DA NOVA LEI DE FUNCIÓN PÚBLICA DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Redacción.- Na reunión celebrada o día 2 se constata que, aínda que houbo unha estimación importante de alegacións do sindicato, quedan materias a mellorar nas reunións da vindeira semana.

Reuniuse o grupo de traballo do “Acordo Marco para unha Administración do Século XXI”, do que sairá o borrador modificado do Anteproxecto de Lei da Función Pública na Administración xeral do Estado (AXE), e no que se incluíron bastantes das nosas reivindicacións.

Sobre este novo texto, UGT Servizos públicos seguiremos a negociar as nosas propostas nas próximas reunións previstas para a semana que ven co fin de mellorar o texto que deberá aprobar en segunda volta

o Consello de Ministros antes de entrar no Congreso.

Nos últimos borradores do Anteproxecto obsérvanse avances significativos nas súas formas e contidos, como son recoller nun único texto todas as materias que compoñen a esencia das condicións de traballo dos empregados e empregadas públicos; garátese a negociación colectiva en todo o que afecta ás condicións de traballo; maior transparencia nas Relacións de Postos de Traballo; acótanse os prazos para o desenvolvemento e execución das OEP; poténcianse os Plans de Igualdade; descentralízanse os procesos de selección de persoal; concréntanse os tramos e o número de anos de permanencia en cada un deles, e regúlanse os permisos e vacacións.

Porén, aínda quedan extremos do Anteproxecto susceptibles de mellora e que imos continuar perfilando e esixindo, coa intención de configurar o mellor texto legal posible.

Defendemos os avances obtidos ata o momento encamiñados a desenvolver o EBEP despois de 16 anos de demora e a substituír unha lei que data de hai case 40 anos.

Desde UGT defendemos a vía da negociación para continuar avanzando na concreción dunha norma que vai rexir as condicións laborais do persoal público da Administración Xeral do Estado nos vindeiros anos, e manter o calendario de reunións no Marco do Acordo estatal asinado por CCOO e UGT.

NON PODE HABER TRANSICIÓN XUSTA CUN IMPACTO NEGATIVO NO EMPREGO

Redacción.- A secretaria de Políticas Europeas de UGT, M^a Carmen Barrera, defendeu a proposta do sindicato sobre “Política enerxética e mercado laboral: consecuencias para o emprego nas rexións en transición enerxética” para a súa votación na reunión da Sección Emprego, Asuntos Sociais e Cidadanía (SOC) do CESE que, finalmente, foi aceptada.

Mari Carmen Barrera explicou que “desde que se expuxo o paquete de medidas fit for fifty five, da súa análise, despréndese unha idea clara e é que non se tivo en conta o social e concretamente o impacto no emprego, e, sen garantías de emprego sostible, protección social e axudas ás empresas pola transición, non haberá futuro competitivo e saudable para Europa nin para o mundo”.

“A transición enerxética”, sinalou, “non é só unha cuestión de tecnoloxía e investimento público e privado, é moito máis, é un profundo desafío social, e, tócanos aos representantes da sociedade civil organizada, pedir á Comisión e aos estados membros que poñan no centro de todas as políticas o emprego e a protección social: non pode haber transición xusta cun impacto negativo no emprego”.

Barrera subliñou que “é necesario que a UE acelere drasticamente a transición

cara a unha enerxía limpa e resolva dunha vez por todas a independencia enerxética de Europa fronte a provedores pouco fiables e combustibles fósiles volátiles, porque mentres se mantén a dependencia dos combustibles fósiles existirán riscos ambientais e enerxéticos”.

“Parece certo que unha transición exitosa incrementará o PIB (ata un 5,6 % en 2050, segundo algúns estudos), e os niveis de emprego (a OIT e a IRENA estiman que se multiplicarán aproximadamente por 4 respecto dos que se perderán), así como a súa calidade, dada a maior cualificación que precisan. Ademais, o abaratamento da enerxía a través de fontes renovables, como a solar fotovoltaica, ou por hidróxeno, mellorará os accesos a estes servizos e tamén a produción, creando un emprego máis difícil de deslocalizar, o que poderá beneficiar a numerosas rexións, en especial aquelas con risco de despoboamento”, engadiu.

Integrar políticas a través do diálogo social e a negociación colectiva

A secretaria de Políticas Europeas mostrou a preocupación de UGT polos graves



efectos negativos que, a curto e medio prazo, está a xerar a transición enerxética, agravados pola crise actual e destacou que “o aumento dos prezos da enerxía afectou aos fogares máis vulnerables, así como a moitas empresas de toda a UE”. Asegura que, “para paliar estes efectos negativos, a Comisión, o Parlamento, os Estados membros e ás rexións da UE deben adoptar medidas que faciliten un desenvolvemento máis equilibrado territorial e socioeconómica implicando aos interlocutores sociais e a outras organizacións da sociedade civil dunha maneira máis innovadora e efectiva no deseño e implementación das políticas de transición enerxética con alto valor engadido en termos de emprego e de protección social, así como no seu seguimento e avaliación”.

UGT RECLAMA UNHA MAIOR PROTECCIÓN E XESTIÓN SOSTIBLE DOS HUMIDAIIS

Redacción.- Con motivo do 2 de febreiro, Día Mundial dos Humidais, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores reclama a necesidade de protexer estes valiosos ecosistemas e establecer unha xestión sostible dos humidais, así como unha maior protección e restauración a través de solucións baseadas na natureza

UGT lembra que os humidais están a desaparecer tres veces máis rápido que os bosques, que o mundo perdeu o 85 % dos seus humidais desde o século XVIII e o 35% en apenas 55 anos, e que o 25% de todas as especies que habitan nos humidais están en perigo de extinción.

O lema para 2023 é “Revitalizar e restaurar os humidais degradados” e destaca a importancia de restaurar os humidais e de que se tomen medidas e invístase capital financeiro, humano e político para evitar que os humidais do mundo desaparezan por completo, así como restaurar os que xa se per-

deron.

Hai varias actividades humanas que provocan a perda e a deterioración dos humidais, como a drenaxe e recheo para usalos para agricultura e construción, a contaminación, a pesca excesiva e a sobreexplotación de recursos, a introdución de especies invasoras ou o cambio climático. Un grave problema que estamos a causar os seres humanos e que é necesario atallar de forma urxente debido ao gran valor e servizos que ofrecen estes ecosistemas únicos e vitais: crean emprego e impulsan o desenvolvemento social e económico a través de diversos servizos que chegan (pesca, acuicultura, turismo, etc.); presentan unha gran capacidade para almacenar e depurar a auga; teñen un papel fundamental na mitigación e a adaptación do cambio climático, ao actuar como os sumidoiros de carbono máis eficaces do Planeta, e mitigan os efectos das inundacións e as tormentas; ademais, axudan á protección da biodiversidade, xa que o 40% das especies

do planeta viven e reproducense en humidais.

España é dos países con maior diversidade de zonas húmidas da Unión Europea, pero os nosos humidais están a enfrontarse a múltiples presións e ameazas que lles impactan e degradan. Por iso, UGT valora o Plan Estratéxico de Humidais a 2030 aprobado recentemente pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, que establece unha folla de ruta para impulsar e orientar un cambio de rumbo que resulta indispensable para revertir a tendencia de degradación e perda de humidais no noso país. Ademais, o sindicato insta ao cumprimento de todas as medidas incluídas dentro das súas 6 liñas de actuación, especialmente as iniciativas de fomento do emprego verde no ámbito da conservación, xestión e restauración de humidais, así como demanda reforzar o sistema de gobernanza e participación e contar con informes de seguimento precisos e rigorosos para poder valorar o grao de cumprimento do Plan.

UGT APOIA AS MOBILIZACIÓNS SINDICAIS EN FRANCIA CONTRA A SUBIDA DA IDADE DE XUBILACIÓN

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores apoia as mobilizacións que se desenvolven desde o 19 de xaneiro pasado en Francia, convocadas pola inter-sindical francesa (que inclúe ás 5 confederacións sindicais membros da Confederación Europea de Sindicatos (CES)) en protesta ao proxecto do Goberno de subir a idade legal de xubilación de 62 a 64 anos.

Mobilizacións que o Goberno francés non quere escoitar, que mobilizaron a máis de dous millóns de persoas nas rúas de todas as cidades do país. A sustentabilidade do sistema de pensións non require en absoluto dunha medida tan brutal que, ademais de

ser inxusta, penalizará aos traballadores máis modestos. Son os traballadores e traballadoras que comezaron a traballar a idades máis temperás e que, en moitos casos, tiveron un desenvolvemento profesional máis modesto quen pagará o prezo desta reforma. Tamén se trata dos empregados e empregadas que, polo tipo de traballos máis precarios e duros e cuxo sacrificio físico segue sen ser recoñecido, teñen unha esperanza de vida menor. Peor aínda, non existe un problema dramático co financiamento do sistema de pensións en Francia que xustifique tal medida.

Neste sentido, UGT considera que agravará a precariedade de quen xa non teñen

emprego antes de xubilarse e reforzará as desigualdades de xénero. Este proxecto do Goberno francés non se pon en marcha por necesidade económica, senón que é a opción da inxustiza e a regresión social.

Fortalecer o sistema de pensións en Francia, como no resto dos países da nosa contorna, require, ao contrario, medidas de progreso e xusta distribución da riqueza.

Por iso, UGT solidarízase plenamente coas reivindicacións dos seus sindicatos irmáns de Francia: CFTD, CGT, Force-Ouvrière, CFTC e UNAS, e estará ao seu lado ata que se consiga a retirada desta reforma.

A NOVA SUBIDA DE TIPOS COMPROMETE O PROCESO DE RECUPERACIÓN NA EUROZONA

Redacción.- UGT rexeita a nova subida de tipos de interese do BCE en 50 puntos básicos, ata situalos no 3%, o valor máis elevado desde novembro de 2008. Trátase da quinta subida no último medio ano, unha tendencia alarmante que compromete o proceso de recuperación económica e social no conxunto da eurozona.

O sindicato advirte de que a senda ascendente dos tipos de interese xa está a ter un efecto notable no encarecemento dos préstamos e as hipotecas no noso país. Segundo os últimos datos do Banco de España (novembro de 2022), o tipo de interese dos préstamos ás empresas non financeiras españolas sitúase no 3,1%, máis do dobre do valor alcanzado apenas un ano antes (1,4%); mentres que o Euribor, o índice hipotecario de referencia, alcanza

unha taxa media do 3,3% en xaneiro, en contraste co -0,5% rexistrado 12 meses atrás.

Así pois, a estratexia levada a cabo polo BCE está cortocircuitando as canles de financiamento de pequenas empresas e aumentando a presión financeira sobre as familias endebedadas cunha hipoteca. Iso só pode supoñer un impacto negativo sobre a demanda agregada, debilitando a espiral de crecemento económico e creación de emprego no noso país.

Como UGT denunciou en varias ocasións, o endurecemento da política monetaria supón unha folla de ruta errada para afrontar unha crise inflacionista de factores



externos, polo que debemos articular unha resposta comunitaria distinta que, en ningún caso, supoña un agravio distributivo para os sectores e as familias que peor o están pasando. De non ser así, o risco de inducir unha crise económica e social seguirá máis presente que nunca.

Amazon é condeada por empregar repartidores como falsos autónomos

Redacción.- É a primeira sentenza que sofre Amazon polo seu modelo laboral, chamado Amazon Flex, onde os repartidores eran obrigados a traballar co seu propio vehículo para repartir paquetes utilizando unha aplicación da compañía que lles indicaba a forma de traballar.

O mesmo día que se aprobou no Parlamento Europeo o texto para a Directiva Europea para regular o traballo nas plataformas dixitais, o xulgado 14 de Madrid deu a razón aos servizos xurídicos de UGT, parte neste procedemento, aplicando a doutrina do Tribunal Supremo do 25 de setembro de 2020 na que se determinou a laboralidade da relación de

prestación de servizos dos repartidores de Glovo. Isto supón un avance máis da xurisprudencia como mecanismo para chegar á correcta adaptación ás novas modalidades de traballo que se van xerando conforme á integración das aplicacións informáticas nos procesos produtivos.

A sentenza declara de forma tallante que “concorren, en definitiva, os elementos de dependencia e axeneidade, que determinan cualificar as relacións xurídicas analizadas ás que se refire a acta de liquidación, como relacións laborais comúns, o que supón estimar a demanda declarando que as persoas reflectidas

mantiveron unha relación laboral con AMAZON SPAIN FULFILLMENT S.L., nos períodos concretos nos que cada un deles prestou servizos dentro do período que abarca a acta de liquidación”.

Devandito xulgado considera que o concepto de traballador por conta allea, consolidado no TJUE, contempla unha noción de contrato de traballo máis ampla. Esta concepción, que se incorporou a España pola Lei Ryder e que ten en conta a aparición de empresas que prestan servizos a través das novas tecnoloxías e plataformas dixitais, tamén foron incluídas na Directiva que foi aprobada esta semana polo Parlamento Europeo.